

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O 29 DE XUÑO DE 2017.

ASISTENTES:

PRESIDENTA:

Abal Roma, Fátima (P.S.deG.-PSOE)

CONCELLEIROS:

Abal Varela, José Ramón (Cambados PODE)

Aragunde Aragunde, Luis (P.P.)

Brea Troncoso, Mónica (P.P.)

Caamaño Rivas, Víctor Manuel (B.N.G.)

Cacabelos Domínguez, María Josefa (B.N.G.)

Charlín Trigo, Xurxo (Participación Democrática Directa de Galicia/Somos Cambados)

Cordal Rodríguez, Constantino (Participación Democrática Directa de Galicia/Somos Cambados).

Gómez Blanco, Juan Ramiro (P.P.)

Iglesias Pombo, Antonio Joaquín (P.P.)

Oubiña Santos, Ana Isabel (P.P.)

Pérez Osorio, Miguel (P.S.deG.-PSOE)

Pomares Botana, Eulogio (P.P.)

Prado Cores, María Teresa (B.N.G.)

Serantes González, Luis Alberto (P.P.)

Varela Piñeiro, María Isabel (P.P.)

Non asiste:

Martínez Piñeiro, Milagros (P.S.deG.-PSOE)

SECRETARIO XERAL

D. Francisco Javier Oubiña Lodeiro

No Salón de sesións da Casa Consistorial, sendo as vinte e unha horas e dous minutos, reúnense en primeira convocatoria os Concelleiros citados anteriormente, ao obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno, asistidos de min, o secretario xeral do Concello quen certifica.

Comprobada pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declarase pola Sra. Alcaldesa-Presidenta aberta a sesión con arranxo ao seguinte orde do día:

I PARTE RESOLUTIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DO ORGULLO LGTBI.

Procede a Alcadesa á lectura en galego que é a seguinte:

"Desde que en 1969 se produjeron los disturbios de Stonewall en Nueva York (Estados Unidos) la comunidad mundial celebra, cada 28 de junio, una jornada de reflexión con el objetivo de visibilizar valores universales tales como la igualdad, el respeto, la diversidad, la libertad y la no discriminación.

A pesar del progresivo reconocimiento de los derechos de las personas LGTBI en el sistema de protección de derechos de las Naciones Unidas en los últimos treinta años y particularmente, en Europa, no es menos cierto que, hoy en día, la diversidad sexual sigue siendo víctima de una brutal intolerancia y discriminación sufrida, en diferentes formas y manifestaciones, por lesbianas, gais, bisexuales, transexuales e intersexuales.

A día de hoy, los Gobiernos locales españoles estamos a la vanguardia en el reconocimiento legal de los derechos del colectivo LGTBI pero lamentamos que el reconocimiento de estos derechos no se haya producido a nivel universal, ni de manera plena.

Es necesario avanzar hacia el reconocimiento y protección universal de la diversidad sexual, desarrollando políticas públicas e implementando servicios que aseguren la igualdad efectiva de todas las personas, con independencia de su orientación sexual e identidad de género, como elemento esencial para la convivencia, el progreso y el desarrollo social y económico sostenible.

Y, precisamente, es en ese contexto de igualdad efectiva donde los Gobiernos Locales, puerta de entrada directa y real del sentir de la ciudadanía, estamos llamados a jugar un papel clave para garantizar la convivencia ciudadana y la no discriminación de lesbianas, gais, transexuales, bisexuales e intersexuales.

Ayuntamientos, Diputaciones, Consells y Cabildos Insulares reclamamos nuestro papel como agentes esenciales en el diseño y el desarrollo de políticas trasversales y estratégicas que garanticen la igualdad de trato y la no discriminación.

Por todo ello, los Gobiernos Locales reunidos en la FEMP:

- Invitamos a todas las Entidades Locales a adherirse a esta Declaración y nos sumamos a todas las voces que claman por un futuro en igualdad.

- Reconocemos la necesidad de invertir en políticas en favor de la diversidad sexual y la no discriminación de las personas por su orientación sexual o identidad de género a través del desarrollo de programas y proyectos de atención, información, formación y sensibilización que hagan de nuestras ciudades y pueblos espacios seguros para la diversidad sexual.
- Reafirmamos nuestro compromiso con los derechos humanos y, en consecuencia, con el principio de igualdad efectiva entre las personas, del que forma parte la diversidad sexual, así como de la no discriminación de las personas por su orientación sexual o identidad de género, reconociendo los avances en este marco, al tiempo que reiteramos nuestra firme determinación de avanzar en la superación de las barreras que aún perviven hoy en día.
- Manifestamos nuestra preocupación y condena ante el aumento de número de agresiones hacia personas LGTBI en nuestro país y trabajaremos desde nuestro ámbito para responder adecuadamente a esta situación, especialmente mediante la información y formación de la Policía Local.
- No son posibles las políticas de igualdad sin los Ayuntamientos. Por ese motivo, reivindicamos la necesidad de dotar a las Entidades Locales de las competencias en esta materia así como de suficientes medios y recursos para, en colaboración con el Gobierno y las CCAA, asegurar la implementación adecuada de todas las políticas e iniciativas necesarias para garantizar la igualdad efectiva de las personas en todos nuestros pueblos y ciudades.”

Sometida a declaración institucional a votación esta é aprobada por unanimidade dos mebros presentes (16).

2º.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO INVENTARIO DE CAMIÑOS.

Procede o secretario á lectura do ditame que é o seguinte:

"A Comisión Informativa Permanente de Obras, Servizos e Urbanismo, en sesión extraordinaria celebrada o 26 de xuño de 2017, emitiu ao amparo do previsto no artigo 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 65 do Regulamento orgánico municipal o seguinte dictame que ten carácter preceptivo e non vinculante:

1º.- Aprobación inicial, se procede, do inventario de camiños.

Intervén o Sr. Abal Varela quen explica que o documento foi elaborado pola empresa Procat Ingeniería y Medioambiente S.L. Pregunta o Sr. Aragunde

Aragunde sobre se existen variacións con respecto á documentación que coñecían ao que o Sr. Abal Varela resposto que houbo pequenos cambios, por exemplo incluíuse o camiño de Burgáns e tamén elimináronse algúns camiños que eran servidumes, dí que probablemente haberá reclamacións. Acto seguido amosa os planos e dí que se lle facilitará ao grupo municipal do Partido Popular unha copia en DVD.

Sometida a proposta a votación esta é aprobada por catro votos a favor (Srs, Abal Varela, Caamaño Rivas, Pérez Osorio e Charlín Trigo) e 3 abstencións (Srs Aragunde Aragunde, Varela Piñeiro e Iglesias Pombo. En consecuencia queda dictaminada favorablemente a proposta do Concelleiro de Urbanismo nos seguintes términos:

Confeccionado o inventario de Camiños municipais é polo que propoño á Comisión Informativa permanente de Obras, Servizos e Urbanismo dictamine en sentido favorable a modificación e eleve ao pleno a seguinte proposta:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o Inventario de Camiños.

Segundo.- Abrir un período de información pública por espacio de 30 días mediante a súa publicación no Boletín Oficial da Provincial, para a presentación de reclamacións e suxerencias.

Terceiro.- Rematado o período de información pública, o Pleno, nun acto unitario, debe resolver as reclamacións e proceder á súa aprobación definitiva. No caso de que non se presentase ningunha reclamación ou suxerencia, entenderáse definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.”.

Intervén o Sr. Abal Varela quen dí que este documento que se trae hoxe ao pleno xa se iniciara na anterior lexislatura, que case non hai variacións e que o documento foi analizado exhaustivamente polos técnicos municipais, a única variación que hai con respecto ao anterior documento é o camiño de San Roque e de Burgáns que se incluiron. Que o documento consta dunhas fichas descriptivas gráficas, una por finca, en total 651, nas que detallan os servizos de que dispón o camino, o tipo de pavimento, a anchura e lonxitude, divide os camiños en principais e vías secundarias, os planos están sobre una fotografía aérea actual. O obxectivo deste documento é clarificar se se trata dun camino público ou privado que lle leva moito tempo aos técnicos e é fundamental da cara a acometer actuacións subvencionadas ou informar licenzas urbanísticas. Remata dicindo que se vai colgar o documeto na páxina web e que é un documento dinámico.

Intervén o Sr. Aragunde Aragunde quen dí que este documento se fixo na lexislatura anterior, que é certo que agora se cambiou algúns camino e que se fixo a instancia dos técnicos municipais. Que revisando a documentación dí que eliminaron algúns camino público que pasa a ser servidume e que o consultaron con algúns veciños quenes defenden o carácter demanial dos

mesmos co que suponen que se presentarán alegacións e que como teñen certas dúbidas sobre algúns dos camiños vanse a abster.

Intervén o Sr. Abal Varela quen dí que tratouse de axustarse á realidade, que se van a ir actualizando ano a ano e que descoñece se haberá alegacións.

Intervén o Sr. Aragunde Aragunde quen dí que se lle presentan dúbidas polo que reitera que se van a abster.

Sometida a proposta a votación acádase o seguinte resultado:

Votos a favor 8:

Abstencións 8: Membros do grupo municipal o PP.

En consecuencia queda aprobado inicialmente o inventario de camiños.

II PARTE DE CONTROL E FISCALIZACIÓN DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS MUNICIPAIS DE GOBERNO

3º.- ACORDO DE GOBIERNO DE REXEITAMENTO Á CREACIÓN DUN XULGADO UNIPROVINCIAL PARA ASUNTOS DE CLÁUSULAS CHAN.

Intervén o Sr. Charlín Trigo quen o fai nos seguintes termos: O pasado 1 de xuño, por acordo do 25 de maio da Comisión Permanente do Consello Xeral do Poder Xudicial (que a componen oito membros, dos cales un é o seu actual Presidente e Presidente, á vez, do Tribunal Supremo -o Sr. Lesmes), puxérонse en funcionamento os novos xulgados destinados a resolver os casos das cláusulas chan. Con todo, nin se van a dedicar soamente para asuntos de cláusulas chan, nin están en funcionamento desde o primeiro día, malia estar as sedes físicas xa abertas e recibindo choivas de demandas contra as distintas entidades financeiras.

Será un só Xulgado por provincia o que vai decidir sobre os dereitos dos consumidores (persoas físicas) que reclaman o auxilio xudicial polas cláusulas abusivas das súas hipotecas. Hai que ter en conta ademais que esta medida, acentuada de urxente, non se adoptou cando entraban a moreas nos Xulgados as execucións hipotecarias que a tantas familias deixaron na rúa.

Terminado o prazo do Real Decreto que aprobaba o mecanismo extrajudicial de devolución das cantidades cobradas de máis polas cláusulas chan, veuse que non deu resultado, ante a tozuda resistencia da banca a reintegrar os importes cobrados indebidamente, malia as facilidades que lle daba tan desafortunada norma legal (prazo moratorio para decidir e contestar, non imposición de costas, e exención de sanción algúnhha por incumprimento), xéranse estes Xulgados, de momento, "pantasma", e que resultarán ser uns "Xulgados trampa".

Por que se trata duns Xulgados “pantasma”?

Trátase duns Xulgados “pantasma”, porque a gran mayoría deles carecen do persoal e dos medios precisos para traballar e administrar Xustiza, malia entrar en funcionamento o pasado 1 de xuño de 2017, e de estar recibindo demandas en cascada dende esa data, por obrigación imposta a quen trata estes asuntos, que non pola elección dos consumidores nin dos seus profesionais.

Segundo os datos do propio Consello xeral do poder xudicial, no prazo transcorrido entre o 1 e o 8 de xuño, nas trece Comunidades Autónomas que se ha implantado o Xulgado uniprovincial especializado, presentáronse 1.986 demandas, polo que, de manterse este ritmo, nun ano entrarían 90.611 demandas, a repartir entre 54 Xulgados.

En Pontevedra na sede de Vigo, por exemplo, o Xulgado 14 bis, que é o que se vai a ocupar de todas as condicións xerais da contratación que afectan aos consumidores en calquera lugar do territorio da Provincia de Pontevedra, como se podía ler no artigo que se titulaba, “Os avogados de Vigo, contra o xulgado único de cláusulas chan” do Atlántico Diario do 9 de xuño, explicaba:

Respecto da situación do xulgado de reforzo en Vigo, os avances van aos poucos e áinda a día de onte (en referencia o 8 de xuño, 8 días despois da data na que tiña que entrar en vigor) áinda non empezara a funcionar, áinda que os tres funcionarios atopábanse xa nas dependencias do Casco Vello. Si o día anterior esperaban as claves informáticas para comezar a traballar, estas xa foron enviadas onte.

Con todo, malia contar cunha xuíza de reforzo e tres funcionarios, o feito de que o letrado de Administración de Xustiza sexa de momento o de Instancia 14, que se atopa na rúa Lalín, é unha das dificultades á hora de axilizar a tramitación.

No entanto, desde Vigo trabállase para conseguir do Ministerio de Xustiza o nomeamento dun letrado da Administración de Xustiza para este xulgado, que ten pendentes polo momento unhas 86 demandas.

Xa que logo, as 86 demandas contabilizadas atópanse no “limbo” á espera de que despachen o seu admisión a trámite, feito este que ha de ser realizado precisamente polo persoal non nomeado, os Letrados da Administración de Xustiza.

E onde está a “trampa”?

Que os Xulgados, en xeral, atópanse colapsados, é dabondo coñecido, sendo que a sobresaturación vénlle dada como consecuencia das cada vez máis numerosas demandas interpostas contra os bancos. E así nolo veñen

manifestando os distintos Xulgados aos profesionais que se dedican a estes asuntos, ata mediante resolucións xudiciais.

O colapso é obvio que xere atrasos, pero moitas demandas repartidas entre moitos Xulgados, entre os distintos partidos xudiciais, non é o mesmo que as mesmas demandas concentradas nun só Xulgado, non por partido xudicial, senón por provincia.

E de mostra un botón, co exemplo posto anteriormente, 86 demandas en tan só 8 días no Xulgado único para toda a Provincia de Pontevedra sito en Vigo, cando as mesmas podían estar repartidas entre os 11 Xulgados da provincia.

É dicir, o atraso xudicial na solución das demandas que se suscitan polos consumidores en esixencia dos seus dereitos, augúrase infinito, e xa sabemos que "Xustiza retardada é Xustiza non dada" ou "Xustiza tardía non é Xustiza".

Si o Real Decreto tiña "truco" e non trato, como se vendía, estes Xulgados teñen "trampa".

Cales son as materias que van a xulgar estes Xulgados? Quen van estar á fronte e cantoos Xulgados creáronse?

Segundo a propia páxina web do Consello Xeral do Poder Xudicial, que recolle os termos do acordo adoptado e publicado no BOE: "coñecerán, de xeito exclusivo e non excluínte, dos litixios relacionados coas condicións xerais incluídas en contratos de financiamento con garantías reais inmobiliarias cuxo prestatario sexa unha persoa física".

E especificando áinda máis: Estes asuntos refírense, entre outros, a cláusulas chan, vencemento anticipado, intereses moratorios, gastos de formalización de hipoteca ou hipotecas multidivisa.

É dicir, asuntos de extrema complexidade, cuxo coñecemento corresponderá a un Xuíz en prácticas (recentemente saído da escola xudicial, sen levar a termo a súa formación), a quen lle dan tan honorable destino de Xulgado sobresaturado desde o seu nacemento, con asuntos que requiren un estudio e comprensión profunda para poñer unha sentenza xuridicamente coherente e responsable.

O número de Xulgados que se crearon, ata a data, é un por provincia, cun total de 54, e no caso de Pontevedra atopase en Vigo, de maneira que se obstaculiza o acceso á Xustiza por parte de quen vive afastado da cidade olívica e nas zonas rurais. É dicir, si un consumidor, por poñer un exemplo, vive en Lalín, e ten unha hipoteca con cláusulas abusivas, cada vez que teña que ir ao Xulgado porque sexa citado para iso, como para prestar a súa declaración, terá que facer 200 Kms entre ida e volta.

Como foi acollida esta medida entre os distintos estamentos de operadores xurídicos?

Esta medida de urxencia aprobada polo Consello xeral do poder xudicial foi denunciada, e contra a mesma alzaron a voz todos os operadores xurídicos sen excepción, incluídas a totalidade das Asociacións de Xuíces e Maxistrados, de todos os Decanos de Xulgados de España e de Letrados da Administración de Xustiza.

De feito a Xunta de Goberno do Ilustre Colexio Provincial de Avogados de Pontevedra celebrada o día 30 de maio de 2017, adoptou un acordo do seguinte:

Problemática do Xulgado Uniprovincial para Cláusulas Chan:

O Ilustre Colexio Provincial de Avogados de Pontevedra manifesta a súa frontal rexeitamento á decisión do Consello Xeral do Poder Xudicial de especializar un xulgado por provincia para tramitar en exclusiva os preitos que se interpoñan en materia de cláusulas abusivas hipotecarias, por entender que se trata dunha decisión inxusta e antisocial, que favorece á banca en prexuízo da cidadanía, en especial aquela que non reside nas catro cidades concretas nas que se sitúan as sedes elixidas, e por entender que se trata dunha medida prexudicial para o funcionamento da administración de Xustiza, que impide repartir o traballo dunha forma adecuada entre os distintos partidos xudiciais (45 no caso de Galicia e 11 no ámbito do Colexio de Pontevedra) sobrecargando a catro Xulgados xa colapsados.

Neste sentido o Ilustre Colexio de Avogados de Pontevedra adhírese ao acordo do Pleno celebrado o pasado 19 de maio do Consello Xeral da Avogacía Española, que representa aos 83 colexios de avogados de España, que expresou o seu rexeitamento institucional á proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial de creación destes Xulgados Provinciais especializados. E, adhírese ao rexeitamento en igual sentido mostrado polo Consello da Avogacía Galega, recordando que se trata dunha medida adoptada ata contra o parecer dos xuíces galegos.

Tal decisión, non só fai unha excepción as normas procesuais en materia de competencia territorial en prexuízo do cidadán, ao que se obriga a renunciar ao foro predeterminado, senón que en absoluto garante unha maior eficacia nin rapidez na tramitación dos procedementos, como se demostrou coa decisión de crear xulgados especializados en materia de participacións preferentes e débeda subordinada. Ben ao contrario, os xulgados dos 45 partidos xudiciais de Galicia, demostraron entón uns tempos de resposta óptimos, grazas ao esforzo dos xuíces, letrados da administración e funcionários, en contraposición ao colapso que sufrieron os dous xulgados especializados.

Cabe lembrar tamén que a Sala da Audiencia Provincial especializada en apelacións fronte ás Sentenzas que se diten en primeira instancia nestes asuntos, ten a súa sede na capital provincial, sendo que nesta, resólvense os preitos a dous terzos dos xusticiables da provincia, o que non fai senón remarcar o desacerto desta decisión do Consello xeral do poder xudicial, que só excepción a ubicación natural en tres sedes de toda España.

Acórdase a adhesión do Colexio aos acordos que adopten o Consello xeral da Avogacía Española e o Consello dá Avogacía Galega en rexeitamento desta medida, incluso o exercicio de accións xudiciais fronte á mesma.

Acórdase instar aos Concellos pertencentes aos partidos xudiciais que se atopan no ámbito territorial deste Ilustre Colexio Provincial de Avogados de Pontevedra, á adopción de acordos e aprobación de mociones dirixidas a mostrar o seu rexeitamento á creación do xulgado uniprovincial, solicitando que se deixe sen efecto.

Dende o Concello de Cambados só podemos cualificar de cacicada unha decisión que supón un verdadeiro agravio para os usuarios e os profesionais da avogacía, motivo polo que traemos esta moción no día de hoxe perante o Pleno da corporación municipal de Cambados, para apoiar a colectivos que como os Colexios de Avogados de Pontevedra nestecaso, ou a Plataforma de afectados pola hipoteca que xa deixaron claro o seu rexeitamento.

É máis, creemos que este tipo de decisión pretende disuadir aos afectados á hora de reclamar ás entidades bancarias polos gastos a maiores que xera a interposición das demandas. Ao noso xuízo, a medida parece unha clara presión da banca cara a un Consello Xeral do Poder Xudicial que, sen pensar nos cidadáns, aceptouna.

Finalmente, abórdame unha pequena reflexión: Que outra inimaxinable cuestión poderáselle ocorrer ao noso Goberno ou ao Goberno dos Xuíces – como ocorreu nesta ocasión- para disuadir aos consumidores de proceder a reclamar os dereitos que creen que lles asisten contra a “todopoderosa” banca?

Por iso, o Goberno Municipal do Concello de Cambados, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte:

ACORDO

1. Que o Concello de Cambados acorde rexeitamento á creación dun xulgado uniprovincial para asuntos de cláusulas chan.

Instar á Xunta de Galiza a

Demandar do Goberno do Estado e o Consello Xeral do Poder Xudicial deixe sen efecto a creación de un xulgado por provincia para tramitar en exclusiva os preitos que se interpoñan en materia de cláusulas abusivas hipotecarias,

por entender que se trata dunha decisión inxusta e antisocial, que favorece á banca en prexuízo da cidadanía, en especial aquela que non reside nas catro ciudades concretas nas que se sitúan as sedes elixidas, e por entender que se trata dunha medida prexudicial para o funcionamento da administración de Xustiza, que impide repartir o traballo dunha forma adecuada entre os distintos partidos xudiciais (45 no caso de Galicia e 11 no ámbito do Colexio de Pontevedra) sobrecargando a catro Xulgados xa colapsados.

Que se lle traslado o Ilustre Colexio de Avogados de Pontevedra, ao Consello dá Avogacía Galega e o Consello Xeral da Avogacía Española do acordo do Pleno do Concello de Cambados de rexeitamento á creación dun xulgado uniprovincial para asuntos de cláusulas chan do acordo plenario.”.

O texto íntegro do acordo de goberno é o seguinte:

Acordo goberno de rexeitamento á creación dun xulgado uniprovincial para asuntos de cláusulas chan

Xurxo Charlín Trigo, con DI 76.862.042-K, concelleiro do Ilmo. Concello de Cambados, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Régime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación este ACORDO DE GOBERNO, en base á seguinte

Exposición de motivos:

A Xunta de Goberno do Ilustre Colexio Provincial de Avogados de Pontevedra celebrada o día 30 de maio de 2017, adoptou un acordo do seguinte:

Problemática do Xulgado Uniprovincial para Cláusulas Chan:

O Ilustre Colexio Provincial de Avogados de Pontevedra manifesta a súa frontal rexeitamento á decisión do Consello Xeral do Poder Xudicial de especializar un xulgado por provincia para tramitar en exclusiva os preitos que se interpoñan en materia de cláusulas abusivas hipotecarias, por entender que se trata dunha decisión inxusta e antisocial, que favorece á banca en prexuízo da cidadanía, en especial aquela que non reside nas catro ciudades concretas nas que se sitúan as sedes elixidas, e por entender que se trata dunha medida prexudicial para o funcionamento da administración de Xustiza, que impide repartir o traballo dunha forma adecuada entre os distintos partidos xudiciais (45 no caso de Galicia e 11 no ámbito do Colexio de Pontevedra) sobrecargando a catro Xulgados xa colapsados.

Neste sentido o Ilustre Colexio de Avogados de Pontevedra adhírese ao acordo do Pleno celebrado o pasado 19 de maio do Consello Xeral da Avogacía Española, que representa aos 83 colexios de avogados de España,

que expresou o seu rexeitamento institucional á proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial de creación destes Xulgados Provinciais especializados. E, adhírese ao rexeitamento en igual sentido mostrado polo Consello dá Avogacía Galega, recordando que se trata dunha medida adoptada ata contra o parecer dos xuíces galegos.

Tal decisión, non só fai unha excepción as normas procesuais en materia de competencia territorial en prexuízo do cidadán, ao que se obriga a renunciar ao foro predeterminado, senón que en absoluto garante unha maior eficacia nin rapidez na tramitación dos procedementos, como se demostrou coa decisión de crear xulgados especializados en materia de participacións preferentes e débeda subordinada. Ben ao contrario, os xulgados dos 45 partidos xudiciais de Galicia, demostraron entón uns tempos de resposta óptimos, grazas ao esforzo dos xuíces, letrados da administración e funcionarios, en contraposición ao colapso que sufrieron os dous xulgados especializados.

Cabe lembrar tamén que a Sala da Audiencia Provincial especializada en apelacións fronte ás Sentenzas que se diten en primeira instancia nestes asuntos, ten a súa sede na capital provincial, sendo que nesta, resólvense os preitos a dous terzos dos xusticiables da provincia, o que non fai senón remarcar o desacerto desta decisión do Consello xeral do poder xudicial, que só excepción a ubicación natural en tres sedes de toda España.

Acórdase a adhesión do Colexio aos acordos que adopten o Consello xeral da Avogacía Española e o Consello dá Avogacía Galega en rexeitamento desta medida, incluso o exercicio de accións xudiciais fronte á mesma.

Acórdase instar aos Concellos pertencentes aos partidos xudiciais que se atopan no ámbito territorial deste Ilustre Colexio Provincial de Avogados de Pontevedra, á adopción de acordos e aprobación de mociones dirixidas a mostrar o seu rexeitamento á creación do xulgado uniprovincial, solicitando que se deixe sen efecto.

Por iso, o Goberno Municipal do Concello de Cambados, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte:

ACORDO

1. Que o Concello de Cambados acorde rexeitamento á creación dun xulgado uniprovincial para asuntos de cláusulas chan.

Instar á Xunta de Galiza a

1. Demandar do Goberno do Estado e o Consello Xeral do Poder Xudicial deixe sen efecto a creación de un xulgado por provincia para tramitar en exclusiva os preitos que se interpoñan en materia de cláusulas abusivas hipotecarias, por entender que se trata dunha decisión

inxusta e antisocial, que favorece á banca en prexuízo da cidadanía, en especial aquela que non reside nas catro ciudades concretas nas que se sitúan as sedes elixidas, e por entender que se trata dunha medida prexudicial para o funcionamento da administración de Xustiza, que impide repartir o traballo dunha forma adecuada entre os distintos partidos xudiciais (45 no caso de Galicia e 11 no ámbito do Colexio de Pontevedra) sobrecargando a catro Xulgados xa colapsados.

2. Que se lle traslado o Ilustre Colexio de Avogados de Pontevedra, ao Consello dá Avogacía Galega e o Consello Xeral da Avogacía Española do acordo do Pleno do Concello de Cambados de rexeitamento á creación dun xulgado uniprovincial para asuntos de cláusulas chan do acordo plenario.

Intervén o Sr. Aragunde Aragunde quen dí que a decisión de atribuir de xeito especializado a determinados xulgados o coñecemento de determinadas materias correspondelle ao poder xudicial, concretamente a través do Consello Xeral do Poder Xudicial. Non é polo tanto competencia das Administracións, así a Comisión permanente do CXPX aprobou un plan de urxencia para anticiparse ao previsible aumento de litixios e entrada masiva de demandas por estas cláusulas, a resolución que contemplou o CXPX consistiu en especializar un xulgado de primeira instancia en cada provincia, por tanto é o CXPX o que conforme ao artigo 98.2 da LOPX o encargado de determinar o xulgado ou xulgados de primeira instancia en cada provincia que deben coñecer sobre as demandas das cláusulas chan. En Galicia o consello xa determinou cales eran os xulgados, e efectivamente se establece o nº 14 de Vigo, algo co que o grupo municipal do PP non está dacordo (menciona as medidas de reforzo que implementou a Xunta de Galicia para estes Xulgados, ademáis cita que no que se refira a ampiación e modificación destes reforzos o 31 de maio tivo lugar na sede do poder xudicial unha comisión entre o Consello, o Ministerio de Xustiza e as CCAA que teñen competencias, onde se acordou a instancia de Galicia un seguimento mensual da medida de especialización, para que en función da demanda real acordara o que proceda en canto á modificación das medidas de apoio). Remata a súa intervención dicindo que van a apoiar a moción xa que non quere que o que presente unha demanda teña que ir a Vigo.

Intervén o Sr. Charlín Trigo quen dí que vai dar lectura da primeira liña do acordo de 25 de maio de 2017 "A Comisión Permanente na reunión do día 25 de maio de 2017 de conformidade co establecido no artigo 98.2 oídos os TSX e as CCAA con competencia en materia de Xustiza e con informe favorable do Ministerio de Xustiza acordou atribuir ..., dí que sí que é unha decisión que toma o CXPX pero con informe favorable do Ministerio de Xustiza e que obedece a unha presión da banca.

Intervén o Sr. Aragude Aragunde quen dí que evidentemente o Consello de Ministros aproba o que se propón dende o CXPX. Remata anunciando o voto do seu grupo en sentido favorable.

O Sr. Charlín Trigo agradece o apoio do grupo municipal do PP.

Sometido o acordo de goberno a votación este é aprobado por unanimidade (16). En consecuencia queda aprobado o acordo de goberno de rexeitamento á creación dun xulgado uniprovincial para asuntos de cláusulas chan nos termos nos que foi presentado.

4º.- ACORDO DE GOBERNO PARA RECLAMAR AO SEVIZO GALEGO DE SAÚDE QUE SUBSTITÚA AO PERSOAL DO CENTRO DE SAÚDE DE CAMBADOS TANTO NAS SÚAS BAIXAS COMA NA SÚAS VACACIÓN S E QUE SE MENTEÑA O HORARIO DE CONSULTAS E OS SERVIZOS HABITUAIOS DURANTE O VERÁN.

Intervén o Sr. Cordal Rodríguez quen da lectura ao acordo de Goberno que é o seguinte:

"Exposición de motivos:

Nos últimos anos, a escasa cobertura de prazas por baixa, xubilación ou vacacións nos centros de saúde de atención primaria galegos ten provocado, entre outras causas, un aumento das listas de espera para as consultas e un deterioro na prestación da atención primaria. Estes problemas de escaseza de recursos humanos nos centros de saúde de atención primaria xa foi denunciado en reiteradas ocasións desde os Colexios Oficiais de Médicos de Galicia.

O problema non se cingue exclusivamente á falta de médicos pois desde hai tempo non se substitúe tampouco ao persoal de enfermería de atención primaria en período de vacacións, o cal repercute negativamente na prestación do servizo de atención primaria, sendo as enfermeiras e enfermeiros operativos as/os que asumen as/os pacientes do persoal en vacacións durante o período que duren as mesmas.

No caso do Centro de Saúde de Cambados, a non substitución do persoal médico afecta a servizos tan sensibles como pediatría, non habendo pediatra a disposición das familias durante boa parte da semana e estando este operativo en horario reducido.

Por outra banda, esta carencia de recursos humanos non emendada polo Servizo Galego de Saúde (Sergas) está a afectar tamén aos horarios de atención ao público, que se restrinxé considerablemente durante a época estival, de maneira que o servizo de atención primaria non existe praticamente pola tarde, estando únicamente operativo o Punto de Atención Continuada (PAC) que atende soamente as urxencias.

Así, a redución de horario motivada pola escaseza de persoal, deixa sen consulta de tarde a parte da veciñanza e trae consigo unha sobrecarga de traballo para o PAC, onde desde hai semanas xa se percibe un aumento no número de pacientes. Ademais, moitos destes veciños e veciñas que tiñan consulta pola tarde teñen que ser atendidos agora pola mañá, occasionándolle un certo trastorno na súa vida laboral se teñen xornadas matutinas.

A todo isto, hai que engadir o notable incremento de poboación que teñen Cambados e as localidades veciñas durante a temporda de verán, con moitos pacientes procedentes de distintos lugares de España, Portugal e outros países europeos. Outro motivo máis para oponerse á redución de persoal e horarios no Centro de Saúde de Cambados decidida polo Sergas.

Por todo o anteriormente exposto, proponse á Corporación Municipal de Cambados a adopción do seguinte ACORDO por parte do Pleno:

1. Concello de Cambados dirixirse ao Servizo Galego de Saúde para que substitúa ao persoal sanitario do Centro de Saúde de Cambados que estea en situación de baixa ou disfrutando de vacacións.
2. Concello de Cambados dirixirse ao Servizo Galego de Saúde para que manteña o Centro de Saúde de Cambados aberto no mesmo horario e preste os mesmos servizos durante o verán co resto do ano.
3. Concello de Cambados iniciara unha campaña informativa cara a cidadanía para reclamar que se manteña o Centro de Saúde de Cambados aberto no mesmo horario durante o verán co resto do ano e se manteñan os mesmos servizos."

Prosegue a súa intervención dicindo que esta mañá tivo a oportunidade de falar con José Ramón Gómez, o xerente da Área Sanitaria Pontevedra-Salnés, e que tamén falou co persoal do propio centro de saúde do PAC, que o xerente recoñece esa escasez de persoal.

Intervén o Sr. Aragunde Aragunde quen anuncia o voto favorable do seu grupo, dí que en Galicia non hai pediatras igual que no resto de España pero que en Galicia o problema está más agudizado.

Intervén o Sr. Codal Rodríguez quen dí que a falta de pediatras débese a que nos últimos anos non se ofertaron prazas suficientes e que moitos titulados tiveron que emigrar.

Intervén o Sr. Aragunde Aragunde quen dí que non comparte a opinión do Sr. Codal Rodríguez xa que os que emigraron foi porque outros países lles pagaban máis.

Sometido o acordo de goberno a votación este é aprobado por unanimidade (16). En consecuencia queda aprobado o acordo de goberno para reclamar ao Sevizo Galego de Saúde que substitúa ao persoal do Centro de Saúde de Cambados tanto nas súas baixas coma na súas vacacións e que se menteña o horario de consultas e os servizos habituais durante o verán.

5º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

O pleno dase por enterado

A Sra. Alcaldesa pregunta en base ao previsto no artigo 37 do ROM se algún grupo desexa someter á consideración de urxencia algún asunto que non teña cabida na quenda de rogos e preguntas. Non se presenta ningún.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS

Pregunta o Sr. Aragunde Aragunde

1.- Envióuselle a todos os locais o plano e os criterios que regulan as súas terrazas, coa entrada en vigor da nova ordenanza?

2.- Existe algún expediente de adxudicación das "foods trucks" para a Festa do Albariño?

3.- Cando se retomarán as obras do parque biosaudable en O Adro – Castrelo?

4.- Cando se limparán as gradas e instalación de futbol, ademáis do entorno do Pombal, que son moitas as nais/pais que nos comentan que están en mal estado?

5.- Estivo asistindo un profesor durante o mes de xuño á casa da cultura de Oubiña, polas mañáns, ao mesmo tempo que os nenos/as estaban na escola?

E sen máis asuntos que tratar a Sra. Alcaldesa da por rematada a sesión, cando son as vintedúas horas e cinco minutos, de todo o que eu como secretario dou fe.

Vº. e Prace
A ALCALDESA

O SECRETARIO XERAL

